

Programación didáctica do departamento de
INGLÉS

Curso 2022-23

CPI Plurilingüe Cabo da Area
Laxe

Contenido

1. CONTEXTUALIZACIÓN	3
1.1. O centro	3
1.2. Alumnado	3
1.3. Obxectivos	3
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	4
4. RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA TRIMESTRE	5
2º ESO	5
4º ESO	9
5. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	13
6. METODOLOXÍA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	18
6.1 Metodoloxía	18
6.2. Ensinanza a distancia	19
6.3 Materiais e recursos didácticos	20
7. AVALIACIÓN	20
7.1 Avaliación inicial	20
7.2. Avaliación continua	21
7.3. Instrumentos de avaliación	23
7.4 Avaliación final	23
7.5. Avaliación de pendentos	25
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	25
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	25
10. ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	26
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	27
12. DATOS DO DEPARTAMENTO	27
13. COMPROMISO DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO	27
14. REFERENCIAS NORMATIVAS	27

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. O centro

Situación	<u>Isidro Parga Pondal, nº 45, 15118, Laxe, A Coruña</u>
Centros adscritos	Traba e A Torre
Ensinanzas que se ofertan	Desde 4º de EI ata 4º de ESO
Características singulares	Contamos con transporte escolar en todas as etapas e con comedor escolar

1.2. Alumnado

Alumnado total	219 alumnos
Alumnado ESO	73 alumnos
Alumnado con NEAE na ESO	Aínda pendente do diagnóstico do depto. de orientación

1.3. Obxectivos

Adaptándonos ó contexto do centro, o obxectivo principal da materia Primeira lingua estranxeira inglés basearase en conseguir que o alumnado se desenvolva coa maior autonomía posible en lingua inglesa. Tendo en conta as características socioeconómicas da zona, xeralmente, nivel medio-baixo debido ás actividades profesionais que se desenvolven no núcleo urbano e nas súas proximidades, a realidade de que o alumnado precise o inglés como lingua principal para o seu desenvolvemento persoal ou profesional son baixas, polo que lle daremos máis importancia a que o alumnado dispoña do coñecemento básico a nivel usuario para poder desenvolverse no día a día en xestións cotiás nesta lingua estranxeira.

Temos que ter tamén en conta que é preciso xerar unha base de coñecemento válida para aquel alumnado que decida continuar os seus estudos a un nivel superior ó que se oferta neste centro educativo e continuar ampliando os seus coñecementos tanto nesta materia como en outras que

poidan estar relacionadas con calquera dos contidos que nesta programación se detallan.

É preciso mencionar tamén que Laxe é unha vila moi turística e aproveitaremos ese factor para fomentar a oralidade da lingua tanto na clase como fóra dela coa implementación do proxecto plurilingüe do centro. Así nun futuro o alumnado terá máis facilidade de traballar no sector servizos que tanta vida lle dá á vila coa chegada de turistas de moitas nacionalidades distintas.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Seguindo as propostas de mellora para a programación didáctica da memoria do curso pasado, a distribución da materia durante o ano académico farase por avaliación e nivel como figura a continuación:

2º ESO

1ª Avaliación

Unidades: 1, 2, 3, 4

2ª Avaliación

Unidades: 5, 6, 7

3ª Avaliación

Unidades: 8, 9

4º ESO

1ª Avaliación

Unidades: 1, 2, 3, 4

2ª Avaliación

Unidades: 5, 6, 7

3ª Avaliación

4. RELACIÓN DOS ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA TRIMESTRE

2º ESO

OBJECTIVES	CONTENTS	ASMNT. CRITERIA	LEARNING STANDARDS	COMPETENCES	%MIN. LEVEL OF ACQ.	%WEIGHT WITHIN MARK	ASMNT. TOOLS		TIMING											
							Test	Rubric	1	2	3	4	5	6	7	8	9			
a,c,d,i B1.1, B1.2, B1.3 B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7			PLEB1.1 Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	3,3	x		x	x						x				
			PLEB1.2 Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,1	x				x									
			PLEB1.3 Comprende o esencial en situacións de comunicación,...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,1	x					x								
			PLEB 1.4 Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,2	x						x						x	
			PLEB 1.5 Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal...	LC, LL, SCC, CAE	100	3,3	x				x	x						x		

a,c,d,i	B2.1, B2.2, B2.3, B2.4	PLEB 1.6 Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições...	LC, LL, SCC, CAE	100	3,3	x		x			x	x		
		PLEB 1.7 Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,1	x								x
	B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6	PLEB 2.1 Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou...	LC, LL, SCC, CAE	100	9,9			x	x	x	x	x	x	x
		PLEB 2.2 Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira...	LC, LL, SCC, CAE	100	3,3		x	x		x		x		
		PLEB 2.3 Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con a...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,2		x			x			x	
		PLEB 2.4 Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,2		x					x		x
		PLEB 2.5 Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible...	LC, LL, SCC, CAE,DC	100	2,2		x				x		x	
		PLEB 2.6 Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,1		x							x
		PLEB 2.7 Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,1		x							x

a, c, d, i		a, c, d, e, i																	
B4.1, B4.2, B4.3, B4.4, B4.45		B 3.1, B 3.2																	
B4.1, B4.2, B4.3, B4.4, B4.45		B3.1, B3.2 B3.3, B3.4, B3.5, B3.6																	
PLEB 4.1 Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,2					x											
PLEB 4.2 Escribe textos moi breves en formato convencional...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,1																
PLEB 4.3 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,1																
PLEB 3.1 Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,2																
PLEB 3.2 Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario ...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,1																x
PLEB 3.3 Entende información específica esencial en páxinas web...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,1																
PLEB 3.4 Comprende correspondencia persoal en calquera formato...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,2																
PLEB 3.5 Entende información básica de correspondencia formal na que...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,2																x
PLEB 3.6 Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,2																

a. c. d. i. o	B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7	PLEB 4.4 Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	3,3				x		x		x										
		PLEB 4.5 Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,2				x					x							x		
		PLEB 4.6 Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso...	LC, LL, SCC, CAE	100	9,9				x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x		
	B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8, B5.9, B5.10	PLEB 5.1 Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,1					x											x		
		PLEB 5.2 Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,2					x													
		PLEB 5.3 Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira...	LC, LL, SCC, CAE	100	3,3					x	x												
		PLEB5.4 Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,2					x												x	
		PLEB 5.5 Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,2																	x	

			PLEB 5.6 Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente...	LC, LL, SCC, CAE	100	9,9	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
			PLEB 5.7 Coñece e utiliza un vocabulario oral he escrito básico e suficiente...	LC, LL, SCC, CAE	100	9,9	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

4º ESO

OBJECTIVES	CONTENTS	ASMNT. CRITERIA	LEARNING STANDARDS	COMPETENCES	%MIN. LEVEL OF ACQ.	%WEIGHT WITHIN MARK	ASMNT. TOOLS		TIMING										
							Test	Rubric	1	2	3	4	5	6	7	8	9		
a,c,d,i B1.1, B1.2, B1.3	B1.1, B1.2, B1.3, B1.4, B1.5, B1.6, B1.7	PLEB1.1 Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo...	PLEB1.1 Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	0,94	x												
				LC, LL, SCC, CAE	100	1,88	x		x		x								
				LC, LL, SCC, CAE	100	0,94	x		x										

a,c,d,i	B2.1, B2.2, B2.3, B2.4	PLEB 1.4 Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,88	x				x		x		
		PLEB 1.5 Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,88	x						x	x	
		PLEB 1.6 Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,88	x					x	x		
		PLEB 1.7 Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x							x	x
		PLEB 1.8 Comprende, nunha conversa informal na que participa...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x						x		x
	B2.1, B2.2, B2.3, B2.4, B2.5, B2.6	PLEB 2.1 Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,88		x				x			x
		PLEB 2.2 Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén...	LC, LL, SCC, CAE	100	8,49		x	x	x	x	x	x	x	x
		PLEB 2.3 Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,83		x					x		x
		PLEB 2.4 Desenvólvese adecuadamente en situación cotiás e menos...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,83		x					x		x

a, c, d, e, i	B 3.1, B 3.2	PLEB 2.5 Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88		x	x	x				
		PLEB 2.6 Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,88		x	x	x				
	B3.1, B3.2 B3.3, B3.4, B3.5, B3.6	PLEB 3.1 Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x		x				x	
		PLEB 3.2 Procura e entende información específica de carácter concreto en...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x		x		x			
		PLEB 3.3 Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x					x		x
		PLEB 3.4 Localiza con facilidade información específica de carácter...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x			x		x		
		PLEB 3.5 Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88	x			x			x	
		PLEB 3.6 Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,83	x				x		x	x
		PLEB 3.7 Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,83	x					x	x	x

a, c, d, i B4.1, B4.2	B4.1, B4.2, B4.3, B4.4, B4.45	PLEB 3.8 Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	0,94	x														
		PLEB 4.1 Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos...	LC, LL, SCC, CAE	100	1,88			x	x											
		PLEB 4.2 Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas...	LC, LL, SCC, CAE	100	2,83			x		x		x								
		PLEB 4.3 Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88			x			x		x							
		PLEB 4.4 Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,83			x					x			x	x			
		PLEB 4.5 Completa un cuestionario detallado con información persoal...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	2,83			x					x	x						x
		PLEB 4.6 Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo...	LC, LL, SCC, CAE	100	0,94			x												x
		PLEB 4.7 Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela ...	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	1,88			x						x						x
		PLEB 4.8 Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte	LC, LL, SCC, CAE, DC	100	8,49			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x

elementos ou figuras clave da comunidade educativa e a dispoñibilidade de actividades extracurriculares e complementarias.

A LOMCE adopta a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea.

CL - Comunicación lingüística.

CMCCT - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD - Competencia dixital.

AA - Aprender a aprender.

CSC - Competencias sociais e cívicas.

SIEE - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CEC - Conciencia e expresións culturais.

Aprender unha lingua estranxeira conduce á adquisición de competencias o mesmo ca o fan outras materias. Este proceso de adquisición ocorre no mesmo grao de intensidade durante as distintas etapas do sistema educativo obrigatorio que segue un alumno.

A **comunicación lingüística** céntrase no uso do inglés como lingua vehicular para a comunicación oral e escrita.

O impulso desta competencia por medio da aprendizaxe dunha lingua estranxeira implica que o alumno mellora a súa habilidade para expresarse tanto oralmente como por escrito. Desenvolve esta competencia ao utilizar o rexistro e o discurso adecuado para cada situación lingüística que se lle presenta.

A competencia lingüística do alumno mellora a medida que recoñece e domina gradualmente as regras de funcionamento da lingua estranxeira. Para axudarse, pode recorrer á súa lingua materna e reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe da nova lingua.

A **competencia matemática** alude á habilidade de razoar. Supón facer xuízos, tomar decisións e chegar a conclusións por medio dun proceso de resolución de problemas e da aplicación coherente da lóxica. A aplicación dos conceptos matemáticos á vida cotiá resulta tamén importante. Para adquirir esta competencia o alumno debe coñecer e utilizar o sistema numérico e os seus símbolos. Debe estar familiarizado cos distintos modos de expresarse e atopar solucións en termos numéricos, mentres que a competencia lingüística lle permite razoar, desenvolver argumentos, formular hipóteses, así como facer uso de razoamentos dedutivos e indutivos, etc.

As **competencias en ciencia e tecnoloxía** consisten en ser capaz de comprender feitos e fenómenos. Implica facer predicións baseadas no que se oíu ou leu en relación aos hábitos alimenticios, a saúde ou o contorno, ou ser consumidores responsables na súa vida cotiá.

Para poder tratar a información e adquirir competencia dixital o alumno debe saber ler, analizar e transmitir a información que extraeu de textos en inglés de todo tipo. Debe estar

capacitado para escoller e organizar a información que escoita e le. Á súa vez, esta competencia está directamente relacionada coa integración dos recursos multimedia no proceso de aprendizaxe. Grazas ás actividades interactivas *on-line* e ao material dixital *axudamos* ao alumno a ser máis competente no uso da tecnoloxía dixital.

Aprender a aprender centra a atención do alumno no que se espera deste para que aprenda inglés. Tamén se refire á habilidade para memorizar e autoavaliarse. Ambas habilidades están presentes en calquera proceso de aprendizaxe no que se lle pide ao alumno que forme hipóteses sobre a linguaxe, utilizando a abundante variedade de exemplos da vida real que se introducen nos textos. Incorporar o repaso como mecanismo para aprender a aprender é esencial. O alumno recoñecerá que na aprendizaxe dunha segunda lingua fóra do contorno lingüístico volver unha e outra vez sobre os mesmos contidos (vocabulario, gramática...) é fundamental: como dicimos, os “universais gramáticos” están aí, pero é necesario activalos e reactivalos para que se fixen como ferramenta de comunicación. Por último, ofrécense oportunidades para que o alumno leve a cabo procesos de autocorrección e/ou autoavaliación.

As **competencias sociais e cívicas** consisten en descubrir e familiarizarse cos diferentes fundamentos sociais e culturais que subxacen no idioma inglés. Por outro lado, o respecto e outros valores refórzanse por medio do traballo en parellas e en grupos. Fomentaremos o respecto e os valores nunha sociedade en constante cambio, onde o pluralismo cultural destaca entre os principios do século XXI.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor quere dicir ser capaz de achegarse ao proceso de aprendizaxe de xeito autónomo ou, senón, cooperar con outros para completar calquera tarefa que se propoña. O alumnado participará en actividades que lle permitirán afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

O descubrimento e o enriquecemento propio atópase tras a **Conciencia e expresións culturais**. Esta competencia desenvolve a habilidade de comprender e avaliar de forma crítica as manifestacións culturais e artísticas. O mesmo ca as competencias sociais e cívicas, esta competencia fortalece os valores humanos. Ao longo do curso, abránguese unha gran variedade de temas culturais e artísticos por medio de diferentes actividades.

Os **descritores de competencias** que establecemos para esta materia son os seguintes:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Escoitar

Comprende os puntos principais e algúns detalles de mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos. Comprende o esencial en transaccións e xestións cotiás e en

conversas formais e informais. Identifica as ideas principais e información relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias. Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa

Ler

Identifica a información relevante de instrucións, indicacións ou normas. Comprende o sentido xeral e detalles específicos de textos en diferentes soportes. Comprende o esencial de mensaxes e correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes. Localiza información específica esencial en material de referencia e estudo. Entende as ideas principais de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes. Valora a lectura como fonte de pracer e de coñecemento.

Escribir

Aplica estratexias de produción para a redacción de textos sinxelos. Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información persoal. Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal breve con información sinxela e relevante. Escribe textos utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Ordena e clasifica datos atendendo a un criterio. Interpreta e representa datos estatísticos en gráficas e táboas. Resolve crebacabezas, encrucillados e adiviñas. Mostra respecto polo contorno natural e animal. Valora e practica os hábitos de vida saudable. Identifica os problemas ambientais máis relevantes e relaciónaos coas causas e cos seus posibles efectos. Aplica estratexias propias do método de investigación científica.

COMPETENCIA DIXITAL

Obtén información en Internet para a resolución de tarefas en inglés. Realiza presentacións e proxectos en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais. Estuda e practica o inglés en soporte dixital. Utiliza as TIC para establecer relacións sociais.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

Participa en actividades por parella e grupais con respecto e interese. Interactúa con educación e atención valorando e respectando a opinión, gusto e preferencias dos seus compañeiros. Valora e practica o uso do inglés para relacionarse con outras persoas e coñecer outras culturas. Interésase por e respecta os costumes, normas e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

Utiliza elementos e técnicas artísticas na elaboración e presentación dos seus proxectos e exposicións. Identifica aspectos culturais dos países anglosaxóns e compáraos cos seus mostrando respecto e interese. Identifica diferentes formas de expresión cultural e mostra interese por ampliar o seu coñecemento.

APRENDER A APRENDER

Identifica, planifica e aplica os seus obxectivos na realización de actividades, tarefas e proxectos. Utiliza ferramentas e recursos para resolver dúbidas, ampliar o seu coñecemento e corrixir erros. Mostra interese por realizar avaliacións para valorar o seu propio progreso e identificar os puntos de mellora. Identifica e aplica diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe de forma autónoma.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

Aplica as estratexias necesarias para realizar as súas tarefas de forma autónoma. Mostra unha actitude proactiva e positiva na lectura de textos de forma autónoma. Planifica, organiza e revisa os seus traballos para unha correcta presentación. Toma conciencia das consecuencias das súas decisións.

As Intelixencias Múltiples:

O psicólogo estadounidense Howard Gardner desenvolveu en 1983 a Teoría das Intelixencias Múltiples na que asegura que todos os seres humanos posuímos oito intelixencias que empregamos para desenvolvernos na vida. Cada individuo desenvolve unhas ou outras en maior ou menor medida segundo a súa xenética e a estimulación externa. No proceso de aprendizaxe, o profesor debe atender a todas e cada unha destas intelixencias para asegurar que todos os alumnos poidan acceder á aprendizaxe a través das súas habilidades persoais. En todas as unidades se traballan as sete competencias co fin de que a mente funcione de forma global: a intelixencia lingüística, a intelixencia interpersonal, a intelixencia intrapersonal, a intelixencia musical, a intelixencia motriz (ou cinestética-corporal), a intelixencia lóxico-matemática, a intelixencia espacial e a intelixencia naturalista. As oito intelixencias múltiples pódense identificar ou asociar coas competencias en certa medida.

Ademais das competencias, en cada unha das unidades examínanse distintos aspectos socioculturais, actitudes e temas transversais por medio de varios tipos de actividades. Dentro da educación en valores, trátanse distintos campos ao longo do libro: Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para a paz, Educación para a igualdade, Educación do

consumidor e Traballo cooperativo na aula. Deste xeito, ensínaselle ao alumno, non só a aprender unha lingua, senón tamén a valorar e a respectar outras culturas, contribuíndo así ao seu desenvolvemento como seres humanos. Así mesmo, o inglés está interrelacionado con outras áreas curriculares como son as matemáticas, as ciencias da natureza, as ciencias sociais, a educación artística, a música e a tecnoloxía. Isto débese a que todas as actividades propostas se ocupan non só da linguaxe, senón tamén da consecución doutras metas.

6. METODOLOXÍA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

6.1 Metodoloxía

Non podemos falar dun enfoque metodolóxico en concreto, pero, se a nosa intención é a obtención dunha competencia comunicativa, debemos seguir consecuentemente un método comunicativo ben por medio de tarefas, ben de proxectos, etc. Seguiremos tamén a metodoloxía DUA segundo se establece na LOMLOE e na Orde de 8 de setembro de 2021 para que alumnado teña diferentes formas de acceder á información que ten que aprender. Hoxe en día as editoriais teñen producións suficientes para facilitar o traballo do docente no ensino da lingua inglesa. Todos os manuais fan un grande esforzo para garantir o equilibrio entre as catro destrezas, polo que resulta esencial que se traballamos cun manual determinado, á hora da avaliación sigamos o mesmo criterio. Igualmente resulta esencial que todas as tarefas e actividades programadas focalicen o alumno/a de maneira que promovan a súa autonomía de aprendizaxe nun contexto significativo do que o alumno/a debe sentirse parte importante e no que teña que asumir certa responsabilidade.

En canto as actividades, entendemos que son as tarefas comunicativas as que han de xerar a lingua e non o contrario. Estas tarefas han de contemplar a lóxica variedade de alumnado que calquera grupo da ESO presenta.

Debemos ter en conta os diferentes niveis, as diversas capacidades e os diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos/as, programando tarefas que requiran distinto nivel de coñecemento. A súa vez, estas tarefas han de ser variadas para que o alumno/a amose as súas capacidades e poida desenvolver a súa autonomía.

En canto os temas transversais, a aprendizaxe de linguas estranxeiras facilita o seu tratamento, xa que os xestos, orais ou escritos, que son a base das tarefas, deben reflectir en todo momento os intereses, gustos e necesidades dos alumnos/as cara á súa formación.

A comunicación oral e escrita son destrezas esenciais nesta etapa e ambos bloques de contidos do DCB deben ser tratados conxuntamente. Faremos fincapé naqueles principios que consideramos fundamentais en relación a cada un deles.

Comunicación oral:

- * A lingua inglesa debe converterse na lingua de comunicación durante a clase.
- * É de vital importancia presentarlle ó alumnado actividades variadas que lle permita mellorar a súa comprensión oral en diferentes situacións comunicativas.
- * Nos dous primeiros anos daremos maior importancia ás palabras clave que axudan a entender as mensaxes globalmente, para nos dous últimos anos, chegar a conseguir captar información máis específica.
- * Durante os dous primeiros anos, o alumnado terá que producir textos orais, tendo en conta o contido máis que a forma.
- * As tarefas que se lles presenten terán que ser, nun principio, tarefas de prácticas moi controladas ata chegar a algunha menos controlada nos últimos cursos.

Comunicación escrita.

- * Dado que os textos escritos non teñen o apoio dos xestos ou expresións, nin a posibilidade de preguntar para acceder máis facilmente á comprensión da mensaxe, debémoslles dar aos alumnos/as máis tempo para descodificalos.
- * Resulta esencial adestrar ao alumno/a no dominio das claves non lingüísticas que lle axuden a comprender a mensaxe: formato, ilustracións...
- * Os alumnos/as deben empezar a distinguir os diferentes tipos de texto como un apoio esencial para a comprensión.
- * As prácticas de comprensión escrita deben centrarse tanto na lectura global como na lectura minuciosa.
- * Debemos dar o tempo suficiente para que nas súas producións escritas os alumnos/as reflexionen sobre a coherencia e cohesión dos seus textos.

6.2. Ensinanza a distancia

Tras a pandemia por COVID-19, o ensino semipresencial volveuse un instrumento preciso para que todo o alumnado puidese ter acceso á ensinanza que lle vén outorgada por ser un dereito universal recollido na lexislación.

En caso de que a situación epidemiolóxica así o requira, o ensino poderá realizarse de xeito telemático grazas á aula virtual. Realizaranse probas a través da plataforma ou pediráselle ó alumnado que envíe as súas probas por correo electrónico ó profesor. En caso de realizar exames orais, poderán ser por videochamada ou a través do envío de audios por parte do alumnado. O peso de cada parte da materia non cambiará segundo o que está estipulado no apartado de avaliación.

6.3 Materiais e recursos didácticos

A relación de libros de textos que se van utilizar no presente curso é a que segue:

2º ESO: *Way to English 2* (Burlington Books)

4º ESO: *New English in Use 4* (Burlington Books)

Ademais do libro de texto, poderanse empregar dicionarios, libros de lectura variados, revistas, xornais, radiocassette-CD, contidos de internet, CDROM correspondentes a cada nivel, DVD ou vídeo adaptado para os distintos niveis, material de apoio (fotocopias con tests de apoio ás unidades) tanto para reforzo como para extensión dos contidos de cada unidade, resource bank, iSolutions, pizarra dixital e calquera outro material que poida ser relevante ou útil á hora de ensinar unha lingua estranxeira.

7. AVALIACIÓN

7.1 Avaliación inicial

Durante as primeiras sesións de clase o alumnado será avaliado das súas competencias para comezar o curso impartindo un nivel de contidos que sexa apto para todo o alumnado. Será o docente de cada curso quen determine que tipo de proba ou probas elixirá para avaliar ó alumnado entre todas as seguintes:

-Conversa oral co alumnado facéndoo falar sobre temas do seu interese e da vida cotiá.

-Proba escrita de forma similar ás que se desenvolverán durante o curso.

-Redacción sobre temas do seu interese ou da súa vida cotiá.

-Proba de comprensión oral en que o alumnado teña que responder preguntas ou completar ocos

sobre un texto oral que acaba de escoitar. O texto será reproducido dúas veces.

-Unha proba que inclúa unha mestura de todas ou varias das probas anteriores.

7.2. Avaliación continua

En cada unha das avaliacións, haberá **unha, dúas ou máis probas** que estarán referidas ós contidos das unidades correspondentes de cada avaliación. A puntuación total de cada unha das probas será de **10 puntos**. As probas programadas servirán para avaliar a comprensión e expresión oral e escrita. A **proba escrita** poderá constar de todas ou dalgunhas das seguintes partes: **Grammar, Vocabulary, Listening, Reading, Writing and Language in Use**. O profesorado decidirá este extremo en función de cada unha das avaliacións. Entre as probas escritas pódense incluír tamén as probas de comprensión dos libros de lectura que é posible que se manden ler durante o curso.

A **proba oral** avaliará a expresión oral do alumnado. Terá lugar unha vez por trimestre. Contará un 20% da nota do trimestre. Poderá ser gravada. Poderá versar sobre os seguintes contidos e o tipo de proba será elixido polo docente:

- Falar durante un minuto sobre un tema escollido ao chou polo alumno/a de varios propostos polo profesor. Estes temas estarán directamente relacionados co visto durante o trimestre correspondente.

- Describir unha fotografía utilizando vocabulario visto nas unidades de cada avaliación. A fotografía poderá ser escollida ao chou polo alumno/a dun grupo delas dadas polo profesor e que nunca antes foran vistas polo alumnado.

- Manter unha conversa en parellas ou co profesor tendo unha serie de preguntas incompletas ou tema guiado (relacionados coas unidades vistas nesa avaliación) nunhas cartolinas dadas polo profesor/a para que lles sirvan de guión para poder comunicarse de forma coherente e comprensible tanto para os membros da parella como para o profesor/a .

- Responder preguntas sobre os libros de lectura opcional co fin de amosar que leron e comprenderon o que estiveron a ler en inglés.

-Facer presentacións orais sobre temas elixidos por eles.

Para poder aprobar a materia de lingua inglesa será necesario acadar unha **nota final igual ou superior a 5 puntos**. Non se redondeará cara arriba a partir de ningún decimal. As probas

englobarán todas ou algunha das seguintes partes: **grammar, vocabulary, reading, writing, listening, speaking, language in use e reading comprehension.**

O profesor/a ponderará todas as notas para poder obter unha cualificación final que será a que aparecerá na acta de avaliación. Nos **exames ou probas escritas, cuxa media contará un 80% da nota final**, avaliaranse as estratexias de expresión e comprensión, a gramática, o vocabulario e, no caso de que sexa xustificado, preguntas sobre os libros de lectura ou cuestións sobre cultura ou sociolingüística asociadas á lingua inglesa e ós países onde se fala. **O exame ou proba oral contará un 20% da nota final.** Finalmente, o profesor restará a seguinte nota da media xa ponderada no caso de darse as seguintes situacións:

Por tratarse dunha materia de contidos totalmente progresivos, o alumnado será examinado en cada exame de todos os contidos que se deron durante o curso ata a data do exame. **Non haberá exame de recuperación** despois de cada avaliación, agás excepcións extraordinarias. A avaliación é continua, progresiva e sumativa. Como consecuencia, o alumnado que supere con valoración positiva as avaliacións posteriores, non terá que recuperar as avaliacións anteriores.

Os criterios de cualificación para obter unha valoración positiva na materia de lingua inglesa rexeranse polas porcentaxes que se detallan a continuación:

- O **80%** da nota global de cada avaliación virá determinado pola nota media de todas as probas escritas obxectivas que se realicen durante o período de avaliación. Todas as probas terán o mesmo peso.

- O **20%** da nota final de cada avaliación virá determinado pola nota acadada no *speaking*. Este será corrixido empregando unha rúbrica. A nota da rúbrica será calculada sobre 10 puntos e fará media co resto de probas.

-Desde o departamento de inglés, considérase que o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe será do 100%.

O estudante que cometa plaxio nos seus traballos feitos na casa ou que empregue tradutores automáticos, por exemplo Google Translate, para a redacción das tarefas que ten que facer fóra da aula **suspenderá a avaliación**. Se un estudante comete plaxio no último trimestre, suspenderao e terá que examinarse na recuperación final do curso.

O estudante que sexa descuberto facendo trampas de calquera tipo nun exame, contará cun cero nese exame. Comunicarase a incidencia ó docente titor dese alumno para que o poña en coñecemento da familia do estudante.

Se un alumno non asiste a un exame ou proba escrita, soamente será repetido se a súa ausencia está recollida segundo o que se consideran faltas xustificables no protocolo de absentismo da Xunta de Galicia e se se entrega a xustificación pertinente. En caso de dúbida, decidirase repetir a proba ou non segundo o criterio do equipo directivo do centro.

7.3. Instrumentos de avaliación

Exame escrito ou proba escrita: O exame escrito ou proba escrita terá lugar unha, dúas, ou máis veces por trimestre. Examinarase ó alumnado das competencias de comprensión escrita, comprensión oral, expresión escrita, gramática e vocabulario. Todos os exames ou probas escritas terán o mesmo peso dentro da nota do trimestre. O exame escrito estará formado por 5 tipos de preguntas distintas: un de comprensión escrita, un de comprensión oral, un de gramática, un de vocabulario e un de expresión escrita. Cada tipo de pregunta ten un peso do 20% da nota do exame. Pode que haxa máis dunha pregunta do mesmo tipo. Nese caso, cada pregunta terá o peso correspondente seguindo este patrón. O exercicio de expresión escrita deberá cumprir cos criterios de lonxitude que se estipulan no enunciado. No caso de non amosar un límite máximo nin un límite mínimo, deberán ter unha lonxitude comprendida entre o 10% inferior e o 10% superior ó que se pide no enunciado. As probas escritas poderán estar formadas por todas ou soamente por algunhas das partes que forman o exame escrito. Para que as respostas sexan válidas, non bastará con amosar que se sabe a resposta, senón que estas deberán ser redactadas correctamente. Nos exercicios de completar os ocos, soamente haberá unha opción correcta para cada oco.

Rúbrica de expresión oral: Rúbrica de avaliación para as competencias de expresión oral. A nota máxima da rúbrica pode que non estea calculada sobre 10 puntos. No momento de facer a media aritmética co resto de probas, calcularase o seu valor sobre 10 puntos. Ten varios apartados que fan referencia ós descritores avaliáveis que ten que acadar o alumnado.

Rúbrica de expresión escrita: Será empregada para avaliar o exercicio de expresión escrita do exame escrito. A nota máxima da rúbrica pode que non estea calculada sobre 10 puntos. No momento de facer a media aritmética co resto de probas, calcularase o seu valor sobre 10 puntos. Ten varios apartados que fan referencia ós descritores avaliáveis que ten que acadar o alumnado.

7.4 Avaliación final

A nota da avaliación final será determinada polo seguinte cálculo:

Para o alumnado que aprobe o terceiro trimestre:

A nota media do primeiro trimestre terá un peso do 1%.

A nota media do segundo trimestre terá un peso de 1%.

A nota media do terceiro trimestre terá un peso do 98%.

Isto vén do feito de que durante o terceiro trimestre o alumnado será examinado e avaliado tamén dos contidos dos trimestres anteriores e do que estean a estudar no terceiro trimestre. Por ese motivo, consideramos que este cálculo da nota final conta con tanta importancia do terceiro trimestre.

O alumnado que non superase o curso tras a terceira avaliación, terá que recuperar a materia no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final. Durante este período o alumnado terá que facer actividades de recuperación, reforzo, ampliación e titoría co gallo de adquirir as destrezas que non conseguiu durante as tres avaliacións. Neste período, o alumnado avaliarase nunha proba escrita cuxa nota determinará a nota da avaliación extraordinaria. Esta proba terá un formato igual ou moi similar ó das probas que se realizaron durante o curso para que o alumnado non se teña que enfrontar a un exame distinto. Contará con varios ou con todos estes apartados:

Reading, listening, grammar, vocabulary, English in use, e writing.

En ningunha proba da avaliación se redondeará a nota cara arriba a partir de ningún decimal.

En caso de que algún **discente que aprobase o terceiro trimestre desexar subir nota**, poderá presentarse a un exame final no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final. En caso de presentarse, a súa nota final viría calculada do seguinte xeito:

A nota media do primeiro trimestre terá un peso do 1%.

A nota media do segundo trimestre terá un peso de 1%.

A nota media do terceiro trimestre terá un peso do 88%.

A proba final terá un peso do 10%.

En caso de presentarse, o alumnado corre o risco de poder acabar cunha nota final máis baixa que no caso de non presentarse. Avisarase ó alumnado ó respecto para que tome a decisión que máis lle conveña.

7.5. Avaliación de pendentes

Ese alumnado que non aprobase a materia suspensa na avaliación final do curso anterior, terá que recuperala durante o curso. Segundo estipula a Orde de 8 de setembro de 2021, o alumnado que promocioe con materias sen superar deberá contar cun plan de recuperación personalizado que garanta a oportunidade de recuperar a materia que ten pendente. Ese alumnado contará, polo tanto, cun **reforzo educativo** para facilitarlle a adquisición das competencias que non conseguiu acadar o curso anterior. Ademais disto:

-Se o alumno aproba o 1º trimestre dun curso seguinte ó que ten pendente, aprobará a materia pendente.

-Se o alumno suspende o 1º trimestre, pero aproba o segundo trimestre dun curso seguinte ó que ten pendente, aprobará a materia pendente.

-Se o alumno non aproba nin o primeiro nin o segundo trimestre do curso seguinte, deberá examinarse na convocatoria de recuperación segundo estea estipulado no seu plan de recuperación.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Tras a fin de cada avaliación, o profesor de lingua estranxeira inglés entregaralle ó alumnado unha folla en branco para que o alumnado xulgue a práctica docente do profesor de xeito completamente anónimo. Despois de que todo o alumnado cumplimentase a súa folla, estas serán remexidas e entregadas ós compañeiros de clase ó chou. Cada alumno lerá en alto a avaliación do profesor dun dos seus compañeiros. O profesor tomará nota dos aspectos que o alumnado considera que debe mellorar e as cuestións que aínda non se dominan serán repasadas entre os membros do departamento de inglés.

Paralelamente, estudar os resultados académicos obtidos polo alumnado tamén servirá para avaliar a práctica docente, xa que se poderán ver as fraquezas do alumnado para poder reforzalas en trimestres posteriores.

Finalmente, as reunións de departamento tamén servirán como análise da práctica docente.

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación didáctica avaliarase ao longo do curso académico nas reunións do Departamento de Inglés. Unha vez ó mes as actas do Departamento reflectirán o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica e a revisión da temporalización dos contidos. Ao final de cada período

de avaliación, haberá unha revisión máis exhaustiva das modificacións feitas na programación así como unha análise e valoración dos resultados académicos obtidos nos distintos cursos e niveis. A memoria final de curso tamén recollerá as posibles modificacións feitas na programación didáctica, os obxectivos da programación non acadados de ser o caso así como as novas propostas para a programación do seguinte curso.

10. ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

O material de traballo recolle distintos tipos de actividades co fin de que cada docente seleccione o que mellor responda á realidade da aula, de xeito que se poida atender tanto a aquel alumnado que requira reforzo educativo como a aquel que teña facilidade para a aprendizaxe ou máis nivel có resto da clase.

A atención á diversidade xustifícase a través do *Activity Book* ou *Workbook*, que contén tarefas graduadas, a través do *Teacher's Resource Pack* e a través de varias seccións que figuran no *Student's Book*. O *teacher's book* contén tamén material tanto para os que teñen dificultade co inglés (*Extra Practice*) como para aqueles que traballan de forma máis rápida ou teñen máis nivel (*Extension*). Como medida extraordinaria, para aquel alumnado que teña serias dificultades co inglés ou problemas de base e necesiten unha adaptación curricular, sempre baixo o criterio do departamento de orientación, o profesor que lle imparte clase elaborará a ACS e empregará como material de traballo aquel que mellor se adapte a cada caso concreto sempre co visto e prace do departamento de orientación.

Como medida ordinaria, o alumnado que teña problemas coa materia pero que non sexan tan salientables como para ser preciso elaborar unha ACS, será proposto para recibir reforzo educativo. Entre os apoios máis comúns, desde a materia de inglés apoiamos o cambio de forma do exame con preguntas que non esixan respostas en que teñan que redactar ou que sexan, no seu lugar, de relacionar ou rodear a resposta correcta. Sempre hai que ter en conta que o alumnado que recibe un reforzo educativo terá que avaliarse dos mesmos contidos cós compañeiros da súa clase.

En 2º de ESO contamos con ter que realizar un reforzo educativo a un alumno e estúdase a posibilidade de realizar dúas ACS a dous estudantes con dificultades. En 2º e 4º de ESO será proposto para recibir apoio educativo aquel alumnado que pasase de curso coa materia de inglés pendente ou que está repetindo curso por suspender, entre outras, esta materia. Para este reforzo educativo, o departamento de orientación axudará e guiará tanto ó profesorado como ó titor correspondente a realizar o plan de apoio específico que require a lexislación vixente.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Polo de agora non hai ningunha actividade proposta polo departamento de inglés, xa que adoitan ser ofertadas unha vez comeza o curso. A medida que vaian xurdindo, serán levadas ó claustro de profesores para que consideren se son válidas ou non para seren aprobadas no consello escolar e poder levarse a cabo.

Entre estas actividades adoitamos contar con contacontos ou saídas ó teatro en lingua inglesa.

12. DATOS DO DEPARTAMENTO

O departamento de Lingua Inglesa queda composto, para o curso 2021-22, polos seguintes membros:

- Daniel Crespo Romero: profesor titular e xefe de departamento. Impartirá clase en 3º e 4º de ESO.
- Sergio Pereira Bendaña: profesor de educación física con afín de inglés. Impartirá clase en 1º e 2º de ESO.
- Aidan Wang: Auxiliar de conversa do equipo plurilingüe do centro.

13. COMPROMISO DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Ao principio de curso, o profesor de cada grupo encargárase de informar ao alumnado sobre a programación didáctica da materia e de expoñer nos taboleiros de todas as aulas a información básica referente a dita programación se fose preciso. Esta información básica incluírá, entre outras cousas, os criterios de cualificación e os procedementos de avaliación. A programación didáctica estará subida na páxina web do centro onde se poderá consultar.

14. REFERENCIAS NORMATIVAS

-Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa.

-Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Lei Orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de Educación.

-Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

-Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.